



Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POR FUNCIONARIO/A INTERINO/A, DUN POSTO DE TRABALLO DE ARQUITECTO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA

CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN E LECTURA PÚBLICA DO SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN.-

De conformidade co disposto nas Bases 6.2.B.1. e 6.2.B.4, reguladoras do proceso selectivo para a cobertura, por funcionario/a interino/a, dun posto de traballo de arquitecto/a pertencente ao cadro de persoal do concello de Vilanova de Arousa aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 3 de outubro de 2017 e publicadas no BOP nº 208 , do 30 de outubro de 2017, o Tribunal que xulga o proceso selectivo adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Convocar aos dez (10) aspirantes que obtiveron a maior puntuación no primeiro exercicio da fase de oposición relacionados no punto 4ª do acordo do Tribunal do 26 de febreiro de 2018 para a realización, o vindeiro día **12 de marzo de 2018, luns, ás 10,00 horas**, no Pazo de Vista Real, sito lugar de Boutrin-Caleiro, no termo municipal de Vilanova de Arousa.

Segundo.- Os aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal, así como de bolígrafo. Non se permitirá o acceso ao recinto no que se realizará o exame con teléfono móbil ou con calquera outro dispositivo electrónico. Neste exercicio os opositores poderán utilizar textos legais non comentados aínda que si concordados para a súa realización.

Terceiro.- Igualmente se convoca a aqueles aspirantes que se presentaren á realización do segundo exercicio da fase de oposición para a lectura obrigatoria do mesmo ante o tribunal en sesión pública que se celebrará o vindeiro día **19 de marzo de 2018, luns, a partires das 10,00 horas** no Pazo de Vista Real, sito lugar de Boutrin-Caleiro, no termo municipal de Vilanova de Arousa. Segundo o establecido no último parágrafo da Base 6.2.B.2. a orde de actuación dos aspirantes comezará por aqueles cuxo primeira apelido comece pola letra K. En consecuencia a primeira lectura corresponderá á aspirante Martínez Abal, Sila Cecilia.

Cuarto.- Este chamamento aos aspirantes é único, sendo excluídos do proceso selectivo de xeito automático aqueles que non comparezan á realización do exercicio ao a acto da súa lectura pública ante o tribunal.

Quinto.- Publicar o presente acordo na páxina web do concello (apartado "oferta pública de emprego") e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, cunha antelación mínima de cinco (5) días naturais a da data de realización do exercicio.

Vilanova de Arousa a 6 de marzo de 2018.

O PRESIDENTE DO TRIBUNAL

Javier Bouzada Romero

